



Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo ACTA

Acta aprobada na sesión 24/04/2018

Data	09/11/2017
Lugar	Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo.
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria) Fin da xuntanza 20:05h
Asisten	<ul style="list-style-type: none">• Presidenta, Olga Alonso Suárez• Vicepresidente: Antonio Vázquez Vázquez• Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias• Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez <p>- Sector docente:</p> <ul style="list-style-type: none">• Antonio Madrid Risquez• Anxos Collazo Trigo• Santiago Rodríguez Sánchez• María Teresa Freijido Román• Eudosia Deza Soto• Rafael Lestón Vázquez <p>- Sector usuarios/as:</p> <ul style="list-style-type: none">• Mª Jesús Granja Pereira• Mª Bertila Fernández Pérez• Mª del Carmen Rivas Corbacho• Yolanda González Larrañaga• Luisa Rivas García• Lois García Rodríguez <p>- Sector social:</p> <ul style="list-style-type: none">• José Manuel Rodríguez Lago
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none">• Sector docente: Eugenio de la Iglesia Delgado• Sector docente: Cristina López Lobarriñas• Sector docente: Purificación Bernárdez Álvarez• Sector docente: José Casas Freire• Sector usuarios: Fernando Vázquez González• Sector usuarios: Hadriana Prado Lorenzo• Sector social: Pilar Álvarez Rey

Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> •Sector social: Antonio Vázquez Vázquez •Sector social: Isabel López Lorenzo •Sector social: Xabier Pérez Igrexas •Sector social: Non hai representante directores secundaria •Sector social: M^a Teresa García Durán •Sector social: Non hai representante ensinanzas artísticas •Sector social: María José Ramos Martínez •Sector social: José Álvarez Carpintero
Servizo de Educación e Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila_Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV.

Orde do día

- 1.-Lectura e aprobación das Actas anteriores, se procede.
- 2.-Aprobación do informe da Memoria Anual de actividades do CEMV 2016-2017
- 3.-Informe da Presidenta do CEMV
- 4.-Plans de traballo das Comisións de Traballo
- 5.-Propostas de mocións:
 - Moción da comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a supresión dunha liña de infantil no CEIP Chans-Bembrive.
 - Moción da comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade de ampliación de prazas de Educación Infantil.
 - Moción de Foanpas sobre a necesidade de instalar papeleiras de reciclaxe nos parques infantís da cidade.
 - Moción de Foanpas sobre as deficiencias no CEIP San Salvador.
 - Moción de Foanpas sobre as deficiencias nos accesos a diferentes centros da cidade.
 - Moción de Foanpas sobre a ampliación do CEIP Castelao.
 - Moción de Foanpas sobre a oferta de prazas na FP Básica.
 - Moción de Foanpas sobre a escaseza de orientadores nos centros educativos e a falta de especialistas para a atención do alumnado NEAE
 - Proposta de Foanpas sobre a oferta oferta de actividades para nenos e nenas de 0 a 6 anos.
- 6.- Rogos e preguntas

Intervencións realizadas e acordos adoptados

1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores

A Presidenta informa de que se enviaron as dúas actas anteriores, do 23 de marzo e do 14 de xuño, porque no último Pleno non se puidera aprobar a acta de marzo xa que houbera un erro no envío.

Acordo

Acórdase aprobar as actas das Xuntanzas Ordinarias do 23 de marzo de 2017 e do 14 de xuño de 2017

2.-Aprobación do informe da Memoria Anual de actividades do CEMV 2016-2017

A Presidenta comenta que se trata dun informe no que se recollen as actividades que se desenvolveron no seo do CEMV no curso pasado. Nel recóllense as estatísticas sobre a participación dos membros do CEMV, o resumo dos temas abordados en cada xuntanza e o resumo dos acordos que se toman en sesión plenaria.

Acordo

Acórdase aprobar o informe da Memoria Anual de actividades do CEMV 2016-2017

3.- Informe da presidencia

En primeiro lugar a Presidenta da conta dos cambios que se produciron na composición deste órgano e concretamente dentro do Sector Social:

- * José Álvarez Carpintero substitúe a José Luis Sanz Escribano como representante da Confederación de Empresarios
- * Cándido Cabaleiro Paz deixou de ser o director da Escola Municipal de Música polo que deixa de ser representante de Ensinanzas Artísticas. Este sector queda sen representante
- * Segue sen haber representante de directores de secundaria
- * Pilar Álvarez Rey substitúe a Esperanza Dacosta Dapena como representante dos Directores dos Centros Públicos de Primaria . Este cambio propiciou que se mudase a organización interna da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa que ata agora presidía Esperanza Dacosta. A Comisión queda a partir de agora conformada deste xeito:

Cargo	Nome
Presidente	Santiago Rodríguez Sánchez
Secretario	Xabier Pérez Igrexas
Vogal	María del Carmen Rivas Corbacho
Representantes con voz e sen voto	
Sector docente	José Casas Freire
Sector usuarios/as	Fernando Vázquez González
Sector Social	Pilar Álvarez Rey
Membro nato	
Vicepresidente	Antonio Vázquez

A seguir, a Presidenta quere aproveitar este foro para felicitar a FOANPAS pola exposición “A aula do pasado” do MUPEGA que vai dentro da celebración do 25º aniversario. Quere darlles parabéns pola boa acollida que ten entre o alumnado e profesorado que asisten á visita pero sobre todo por implicar aos 26 profesores xubilados que se uniron para exercer de guías de excepción.

En canto á Concellaría que preside, informa de que están a piques de aprobarse os orzamentos municipais. Explica que o 16 de novembro aprobaranse de xeito inicial e logo está previsto que se aproben definitivamente nun Pleno o 27 de decembro. A partida de educación subirá en torno ao 10%; hai unha lixeira subida no punto de mantemento de colexios e unha baixada nunha partida que se incorporou nova no 2017, a de cubrición de patios, que pasa de 570.000€ a 450.000€. Este ano estaba previsto cubrir tres patios, CEIP Carballal-Cabral, CEIP Virxe do Rocío e CEIP Canicouba. A cuberta do Carballal e do Virxe do Rocío está en presentación de ofertas e di que contan de que antes de que remate o ano se empecen as obras nos dous colexios. A cuberta do Canicouba non se puido facer porque hai que mandar o proxecto a Cultura porque está nunha zona de protección por estar preto de Castrelos. O ano que ben, en canto se remate cos trámites precisos cubrirase este e o CEIP Josefa Alonso de Matamá, que é o seguinte da lista deste tipo de peticións.

Comenta que neste momento está aberto o prazo de presentación de solicitudes para as bolsas de idiomas de alumnado da EOI, que se abre desde o 6 de novembro ata o 17 de novembro. Trátase de 92 bolsas que se reparten deste xeito: Londres 66, Paris 10, Berlín 5, Roma 4, Lisboa 3, Xapón 2, China 2.

Con referencia ao Programa Municipal “Visita o Teu Concello 2017-2018” dicir que se farán 40 visitas didácticas para 1.800 alumnos/as de 5º e 6º de Educación Primaria e 1º e 2º da ESO. E relacionado con este tema do Concello, o luns 20 de novembro celebrárase o Pleno Infantil, baixo o lema “O noso Planeta, os nosos dereitos e a nosa relación co cambio climático” no que participarán 68 alumnos/as do Ceip Lope de Vega e 25 alumnos/as do Colexio Niño Jesús de Praga. Este ten a finalidade de compartir ideas e dar aos nenos/as a opción de propoñer iniciativas coas que mellorar o Planeta.


Comenta que a finais do verán se aprobou de novo o programa “Vigo Educa” o que implicará o transporte gratuíto de preto de 33.000 escolares de educación infantil, primaria, secundaria, Bacharelato e ciclos formativos dos centros de ensino de Vigo para facilitar o coñecemento didáctico-cultural da cidade de Vigo con visita programadas a distintos centros de interese da nosa cidade. Explica que este ano de priorizará que o transporte se use par asistir a actividades da programación educativa municipal.

A nivel informativo comenta que nas 8 escolas infantís este ano hai 433 alumnos novos. Nas escolas artísticas municipais teñen cabida máis de 1600 alumnos que van desenvolver mais de 28 días de actividade no auditorio municipal. Comenta tamén que a aula de estudo da UNED está a funcionar moi ben e pon o exemplo da última semana que se comprobou, do 1 ao 6 de novembro na que pasaron 954 usuarios. Di que agora está a funcionar de luns a domingo de 9:00 a 21:00. Di que con respecto á UNED non pode dar datos de matrícula porque o período de matriculación non rematou, e aproveita para contar que a UNED ocupa o 4º e 5º andar e que a intención do Concello e utilizar estas instalacións sempre, incluso para outras cousas, xa que son unhas instalacións moi boas e hai que darlles uso.

Contestando a unha pregunta que fixo Santiago Rodríguez no anterior Pleno, A Presidenta comenta que Xabela, alumna invidente Ceip “Illas Cíes”, xa foi recibida polo Alcalde en agosto e que neste momento se está adaptando o traxecto e accesibilidade ao centro escolar, cun rebaixe nas beirarrúas e coa incorporación de pavimentación táctil de botóns específicos de “franxa sinalizadora de paso peonil” na beirarrúa.



Outra cuestión que se falou no último Pleno foi sobre os accesos ao IES Carlos Casares. Neste momento xa se está a traballar no proxecto. Vaise por unha nova parada de Vitrasa en fronte da saída do centro cun paso de peóns para cruzar. Vai ter un semáforo de pulsador e atrás vai a haber o mesmo semáforo para que non pille aos coches desprevidos, xa que está nunha curva. Explica que tiveron que pedir permiso e remitir o proxecto á Xunta porque a rúa non é Municipal, pero que por fin se vai solucionar o problema.



Comenta tamén que está a tramitarse un expediente administrativo por parte do Concello para asumir o arranxo e saneamento do valado circundante dos Institutos Sto. Tomé Freixeiro e Santa Irene. Tamén están empezadas as obras na entrada do CEIP Ramón y Cajal.

Comenta tamén que se está a traballar de forma conxunta a Concellería de Seguridade, a de Urbanismo e a de Educación nos accesos aos centros educativos. Xa está adxudicado un contrato para pintar os accesos aos colexios, pasos de peóns e sendas peonís de acceso.

Estase buscando solución ao CEIP Josefa Alonso de Matamá. Porque teñen un montón de problemas cos accesos e eles mesmos presentaron unha proposta co acceso pola circunvalación. Desde o Concello están a traballar e esperan darlles unha solución pronto. Informa tamén que se autorizou a ampliación do CPR Monterrey. Xunto con Bombeiros estase a desenvolver o programa “Vigo educa con seguridade”. Os bombeiros van ir aos centros, van comprobar a seguridade in situ, van ter charlas co alumnado e co profesorado,

posteriormente o alumnado visitará o parque de bombeiros e farán simulacros nos centros. Este ano traballarán con 25 centros.

Informa de que hai un problema co centro de Navia, porque na ampliación do centro traballan cun sistema de calefacción distinto no mesmo edificio, e desde o centro dinlle que isto impide que se conecten. Antonio Estévez comenta que haberá algún problema puntual para que non funcione, pero que a priori pode haber dous sistemas de calefacción nun mesmo edificio e non hai problema algún. Di que dubida moito que a instalación estea mal feita, e que como é a primeira vez que se acende probablemente sexa que non souberon como acendela ou que hai que axustala, pero está seguro de que é algo puntual e que se solucionará sen problema o antes posible. Bertila di que desde Foanpas lles parece moi triste que se faga esta obra sen que haxa comunicación coa comunidade educativa. Na parte técnica do proxecto había lagoas que se lle comentaron e fixeron caso omiso, e agora aparecen os problemas. Pon o exemplo do comedor novo, un espazo con mesas e cadeiras, que non ten nin un fregadeiro nin elemento similar, o cal incumpre normas de sanidade. A propia administración incumpre a lei. Unha vez máis senten que a Administración lles falta ao respecto ás familias e aos nenos e nenas escolarizados nese centro.

Olga comenta que están pendentes de que chegue un borrador da nova zonificación e que aínda non chegou nada. Comunica que recibiu unha chamada do Xefe Territorial indicando que lles ía facer chegar pero aínda non chegou. O único do que teñen directamente coñecemento e do que saíu na prensa. Comenta que é un tema que preocupa moito, e así o demostran as moitas mocións que se levan presentado neste Pleno. Lémbbralles que dadas as datas, é probable que teñan que convocar un Pleno extraordinario por que no momento en que o manden é preceptivo que este Órgano emita un informe. Que aínda que como dixo o Xefe Territorial non é vinculante, e moi importante que se faga porque é o momento de loitar por un tema que tanto preocupa á comunidade educativa de Vigo.

Bertila Fernández comenta que en Foanpas teñen un grupo de traballo de zonificación e di que elaboraron un documento ao respecto e solicita permiso para lelo agora ou en rogos e preguntas. Olga comenta que se ninguén ten inconvincente, e aínda que estean no punto de informe da presidencia, que pode lelo. Parecéndolle oportuno aos asistentes procédese á lectura:

“Ante as informacións vertidas aos medios de comunicación en relación ao proxecto de

nova zonificación que, desde a Xefatura Territorial, se pretende impulsar para a cidade de Vigo, desde FOANPAS queremos manifestar o seguinte:

En primeiro lugar, que recibimos con alegría que se aborde este proxecto. As ANPAS desta cidade levamos xa anos reclamando, ante as autoridades competentes, unha nova zonificación para a nosa cidade. Unha nova zonificación integral que resolva os problemas xerados pola actual, que se mostra totalmente obsoleta e inxusta. Agradecemos, por tanto, que por fin, e aínda que con moito retraso, se aborde este problema.

En segundo lugar, que esperamos que, desde a Xefatura Territorial e desde o corpo de Inspección Educativa, se escoite ás familias. Cando se anuncia que o proxecto espera contar co consenso da Comunidade Educativa, entendemos que se nos inclúe, e é por iso, que agardamos impaciente que se nos convoque a algunha reunión de traballo. Entendemos ademais que, cando se pretende mellorar un servizo, sexa da índole que sexa, debe escoitarse a opinión dos usuarios do mesmo antes de elaborar o proxecto final, non cando xa está ultimado.

En terceiro lugar, que desexamos que o desenvolvemento do proxecto non ensombreza os titulares que os medios de comunicación están a brindarnos estes días. Con eses titulares non podemos máis que estar de acordo: “nova zonificación para toda a cidade”, “consenso da comunidade educativa”, “racionalización do transporte”, “mantemento dos servizos”, “equilibrio nas ratios de alumnado dos centros”, “zonas comúns para as diferentes etapas”, ... todos grandilocuentes, aínda que algún deles é sorprendente: “O novo mapa escolar acurtará os desprazamentos e permitirá captar máis alumnado na periferia”. Desexamos que estes titulares non queden en propaganda, que se convertan nunha realidade; que o desenvolvemento do proxecto e a súa letra pequena, a repartición das adscricións e as relacións de equilibrio entre os centros, os corroboren.

En definitiva, manifestamos que este é un proxecto desexado, necesario e demandado. Manifestamos que nos gustaría que fose tamén democrático e transparente. Para iso, pedimos ás autoridades que se teña en conta a experiencia das familias, como parte da Comunidade Educativa, no proceso de elaboración. Pedimos que non se nos relegue a un mero emisor de alegacións, puro trámite na aprobación final e apresurada dun documento de traballo xa rematado. E manifestamos, por último, que esperamos que a nova zonificación achegue, ademais do anunciado nos medios, xustiza. De ningún modo

acceptaremos que se siga discriminando aos centros públicos, tal e como está a acontecer. A nova zonificación ten que corrixir esta discriminación e converterse nun exemplo, non só de equilibrio, senón de ecuanimidade. Non podería ser doutro xeito.”

Grupo de traballo de Zonificación de Foanpas

4.- Plans de traballo das Comisións de Traballo.

Plan de traballo da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa

María del Carmen Rivas presenta o Plan de traballo:

No curso 2017-2018 a Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa seguirá traballando na liña dos cursos pasados, centrándose na zonificación e no estado das infraestruturas e equipamentos dos centros educativos.

Zonificación

Segundo se informou no último Pleno do curso pasado, a Consellería de Educación está a traballar na zonificación do Concello de Vigo. Os inspectores que están facendo o estudo e o Xefe Territorial xuntáronse cos Directores dos centros da cidade para indicarlles as liñas de actuación que estaban a seguir. Nesta xuntanza falouse da intención de que o primeiro borrador estivera listo a finais de 2017 . Tal e como recolle o regulamento do CEMV, este “será consultado preceptivamente polo órgano municipal competente ou pola Administración educativa, con carácter previo á toma dos acordos, en cuestións coma as liñas de transporte, comedores escolares, zonificación,...”. Así pois, esta comisión fará o seguimento dos pasos que dea a Consellería neste sentido e emitirá os informes que sexan preceptivos cando chegue o momento.

Infraestruturas dos centros educativos:

No tocante ás infraestruturas e equipamentos, esta comisión informará ás administracións competentes das deficiencias das que teña constancia nos centros educativos da cidade. Asemade, farase seguimento destas ou doutras que poidan producirse ao longo do curso, así como das obras que se están a facer nos centros educativos.

Ademais esta comisión tratará todos aqueles temas referentes a equipamentos e infraestruturas que vaian xurdindo ao longo do curso, presentando aquelas propostas e mocións que se estimen oportunas en cada caso

Plan de traballo da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa:

María Jesús Granja presenta o Plan de Traballo desta Comisión:

A Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa leva desde o ano 2010 traballando no eido da convivencia escolar. Durante o curso 2016-2017 tratou de organizar unha xornada centrada na Convivencia e o Deporte baixo o lema “CONVIVE XOGANDO”. A idea inicial era facer unha actividade destinada ao alumnado na que

participaran diferentes deportistas contando as súas experiencias sobre a convivencia no deporte. A data escollida foi o 6 de abril 2017, coincidindo co Día Internacional do deporte para o Desenvolvemento e a Paz, pero por cuestións de axenda dos deportistas non puido desenvolverse como estaba previsto no inicio.

Desde o inicio do presente curso esta Comisión, coa axuda do departamento de Educación do Concello, retomou os traballos iniciados para poder desenvolver a xornada aprazada o 16 de novembro, Día Internacional para a Tolerancia. Novamente foi imposible cadrar as axendas cos deportistas escollidos como relatores, o que levou a pensar que o formato escollido en inicio non era probablemente o máis idóneo sobre todo atendendo a cuestións organizativas. En vez de centrar todos os esforzos nunha única xornada, esta Comisión traballará durante este curso coa idea de organizar un ciclo de conferencias na semana do 2 ao 6 de abril, na que poidan participar as familias ademais do alumnado e docentes.

Ademais disto, esta Comisión seguirá traballando polos dereitos dos nenos e das nenas con diversidade funcional e en calquera outra iniciativa que xorda durante o curso e que estea dentro do noso campo de traballo.

Olga Alonso comenta que parece que o que se intentou ata agora, o de poñer unha data concreta para facer a Xornada de deporte e Convivencia, está dificultando moito a labor de cadrar axendas de deportistas con relevancia, polo que agora se vai intentar outro formato que parece a priori máis fácil de encaixar. A Comisión seguirá traballando nesta liña e concretaranos máis no próximo Pleno.

3.- Propostas de mocións.

- **Moción da comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a supresión dunha liña de infantil no CEIP Chans-Bembrive.**

Ao non estar presente Santiago Rodríguez quen elaborou esta moción, Fernando Vázquez membro da Comisión de Equipamentos, presenta a moción:

ANTECEDENTES

A principios do actual curso escolar 2017/18 no CEIP Chans-Bembrive fécbase unha aula de Educación Infantil e elimínase o posto da mestra correspondente. Ningunha das decisións de supresión foi comunicada ao centro ou á profesora no mes de xuño, momento no que a matrícula de nenas e nenos de 3 anos de idade para este curso é de 26 alumnos, o que supón un incremento con respecto a anos anteriores e supera a ratio máxima establecida. Novas solicitudes para este mesmo nivel foron denegadas pola

comisión de escolarización no mes de setembro. A comunidade educativa do centro considera fundamental esta segunda unidade para o futuro do centro, e reclama o seu dereito a elección de centro. Consideramos os feitos máis gravemente se cabe, dados o seu carácter repentino e incumprimento de prazos, e polos servizos que oferta o centro e a falta de prazas públicas no Concello de Vigo, nun momento ademais no que se está a estudar unha nova zonificación.

TEXTO

Reclamamos a reapertura da unidade de Infantil de 3 anos e o retorno voluntario da mestra afectada.

M^a del Carmen Rivas comenta que ao ser un colexio de liña dous, se non se ten dúas liñas desde o principio iso significa que vas ir tendo esa perda nos seguintes cursos, e recuperar esa liña suprimida vaise facer moi difícil, e pode acabar sendo facilmente un centro dunha soa liña. E que a centros con menos alumnado se lle mantiveron as liñas e a este non. Fernando comenta que ademais neste caso había alumnos para ter dúas liñas polo que non ten sentido que suprimiran unha.

Acordos adoptados

Apróbase a moción da comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a supresión dunha liña de infantil no CEIP Chans-Bembrive con 13 votos a favor e 1 abstención.

- **Moción da comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade de ampliación de prazas de Educación Infantil.**

Presenta a moción M^a del Carmen Rivas

ANTECEDENTES

A escolarización infantil de crianzas de 0 a 3 anos xoga un papel cada vez de maior relevo a nivel social, tanto polo que supón de reforzo pedagóxico e estímulo en idade temperá como polo seu efecto como viabilizadora da conciliación da vida laboral e familiar/persoal.

Porén, a oferta pública de prazas en escolas infantís na nosa cidade é manifestamente insuficiente. Malia a apertura de novos centros municipais nos últimos anos, continúan a ser moitas as familias que fican sen obteren praza. Así o visan as enormes listas de agarda existentes na práctica totalidade de cursos das escolas infantís municipais, e tamén naquelas que son de titularidade autonómica. Nos listados definitivos de admisión para o presente

curso fica de manifesto o elevadísimo número de crianzas que quedan sen praza.

Unha realidade inda máis grave no caso das escolas infantís de titularidade autonómica, quer do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar quer da Axencia Galega de Servizos Sociais. A falla de investimento da Xunta en ampliaren a oferta pública de prazas de 0-3 anos na nosa cidade ameaza con cronificar o problema.

Ademais, vemos como a oferta continúa sen se axustar á demanda crecente, sobre todo en barrios e contornas que salientan pola súa elevada natalidade en comparanza coa media xeral da cidade e de Galicia. Ampliar a oferta educativa pública de 0 a 3 anos suporá ademais unha aposta decidida polo reforzamento do sistema educativo público no seu conxunto.

Hai dous cursos o Consello Escolar Municipal do Concello de Vigo xa alertou, a través doutra moción, desta situación e instou ás administracións públicas a adoptar medidas que non foron executadas e que hoxe presentan unha inda maior urxencia.

TEXTO

Polo exposto, a Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa do Consello Escolar Municipal de Vigo, propón que se adopten os seguintes acordos:

Primeiro.- Instar á Concellaría de Educación do Concello de Vigo a realizar un mapa de necesidades educativas de 0 a 3 anos na nosa cidade, contando coa colaboración desta comisión para a súa elaboración. Ese traballo terá que servir de guía que obxectivice as necesidades de cara a as afrontar por parte das administracións públicas, tanto municipal como autonómica, a través de respectivos planos de investimentos interanuais.

Segundo.- Trasladar á Xunta de Galicia e ao Concello de Vigo a necesidade de ampliaren a oferta de prazas públicas para a escolarización de 0 a 3 anos na nosa cidade, a través do reforzo ou ampliación dos centros existentes e da construción de novas escolas, demandando a tal efecto que se consignen as partidas económicas necesarias nos seus orzamentos para os vindeiros exercicios, a principiar nos orzamentos do ano 2018.

Terceiro.- Instar a Xunta de Galiza e ao Concello de Vigo a estudar fórmulas que permitan ampliar no curto prazo a oferta de prazas actual nas escolas municipais en horario de mañá, por ser a faixa horaria máis demandada.

M^a del Carmen Rivas comenta que sempre quedan nenos fóra e solicítase que se vaia aumentando o número de prazas, aínda que sexa de xeito paulatino. Olga Alonso comenta que se a comisión se presta a traballar neste campo, que lle agradecen o esforzo. Explica que por parte do Concello de Vigo se está a traballar nun novo proxecto de escola infantil pero que non quere avanzar nada porque aínda é só un proxecto. Comenta tamén que están tendo un problema xa que a Administración Educativa lles reclama un copago do 30% de garderías que non son municipais senón da Xunta, en concreto das Escolas de Rúa Palencia

e Valadares. É verdade que da de rúa Palencia xa se viñan reclamando anos atrás unhas cantidades pero da de Valadares nunca. Isto a estas alturas do ano está sendo un problema xa que afecta moito ao orzamento e ao mellor hai que deixar de afrontar outras cousas.

Ademais, a Concelleira explica que ás veces, cando saen as listas de agarda das escolas infantís que non son de todo reais porque os pais soen apuntarse en máis de unha e os datos non se criban, polo que os números dos que quedan fóra non son de todo reais. Pero aínda así, reconece que se necesitan máis prazas.

Incorpórase Santiago Rodríguez sendo as 19:15

Antonio Estévez comenta que hai un erro na redacción do terceiro punto do Texto, xa que non ten sentido instar á Administración educativa a que se amplíen as prazas nas Escolas Infantís municipais. Estando estando todos de acordo corríxese e cámbiase a palabra Municipais por infantís, quedando o parágrafo da seguinte forma:

“Terceiro.- Instar a Xunta de Galiza e ao Concello de Vigo a estudar fórmulas que permitan ampliar no curto prazo a oferta de prazas actual nas escolas infantís en horario de mañá, por ser a faixa horaria máis demandada”

Acordos adoptados

Apróbase a moción da comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade de ampliación de prazas de Educación Infantil con 14 votos a favor e 1 abstención.

- **Moción de Foanpas sobre a necesidade de instalar papeleiras de reciclaxe nos parques infantís da cidade.**

Presenta a moción M^a del carmen Rivas:

ANTECEDENTES

Dende o Concello de Vigo tense impulsado un programa educativo que ten como tema central a reciclaxe. Durante o curso pasado Dinoseito percorreu numerosos centros de ensino de primaria da cidade para concienciar e ensinar ás crianzas a xerar menos residuos e a reciclar.

Pero esta interesante campaña quedou aí e non foi máis aló. O aprendido con Dinoseito non

se pode poñer en práctica en diferentes espazos da cidade, como por exemplo os parques. Moitos nenos e nenas acoden a diario aos parques da cidade a xogar e divertirse, pero a dotación de papeleiras nestes espazos é escasa e as papeleiras de reciclaxe son inexistentes.

Este sería un espazo idóneo para poñer en práctica o que Dinoseito lles ensinou con tanto entusiasmo.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

- Que se lle traslade á Administración local a necesidade de máis papeleiras nos parques.
- Que se lle traslade á Administración local a importancia de dotar aos parques con papeleiras que permitan a separación de residuos.

Acordo

Acórdase aprobar por unanimidade a moción de Foanpas sobre a necesidade de instalar papeleiras de reciclaxe nos parques infantís da cidade.

- **Moción de Foanpas sobre as deficiencias no CEIP San Salvador.**

Presenta a moción M^a Jesús Granja:

A ANPA do CEIP San Salvador de Teis mostra a súa preocupación polo estado no que se atopa o seu centro de ensino. As deficiencias que detectan están relacionadas con:

- A eficiencia enerxética do edificio: deficiencias no illamento enerxético do centro a nivel de ventás e portas de acceso. Así mesmo, a instalación eléctrica precisa dunha mellora que posibilite unha utilización máis eficiente deste recurso e evite incidentes, debido aos anos que ten.
- Patio exterior: está conformado por materiais obsoletos e presenta falta de mantemento, especialmente a zona destinada ao alumnado do ensino infantil.
- Acceso ao centro: a senda peonil acondicionada polo Concello, no seu último tramo, resulta perigosa pola falta de remate final, ademais de que non é accesible. Así mesmo, o muro que bordea esta senda peonil, precisa de melloras.
- Instalación deportiva e sala de usos múltiples: é necesario arranxar os problemas da cuberta do pavillón que ocasionan continuas filtracións de auga. Do mesmo xeito, o ximnasio precisa dun arranxo do chan de madeira para non ter que retiralo e dun acondicionamento do escenario para evitar que se produza un accidente.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

Que se lle traslade ás Administracións correspondentes (Concello e Consellaría de Educación) estas demandas para que o centro estea acondicionado para levar a cabo a actividade educativa de maneira idónea.

M^a Jesús Granja comenta que o centro ten unhas ventás e porta de acceso moi malas, que no pavillón hai goteiras continuas e que aínda que o Concello fixo unha senda peonil para acondicionar os accesos, hai dous postes da luz no medio, o muro está cedendo e parece que vai caer, en definitiva que como di a moción hai moitas deficiencias que é preciso arranxar. Olga Alonso comenta que o CEIP San Salvador é un centro que está traballando de marabilla, xa recibiron varios premios, no que está implicada toda a comunidade educativa. Di que a ela a ANPA xa lle manifestou a súa preocupación. Explica que a Xunta xa lle cambiou o tellado e que están cambiándolle as ventás, pero isto estano a facer por fases e ao estar nunha zona tan ventilada, precisarían que se acelerara o proceso, xa que lles entra moito frío. Este centro, como case todos, ten instalacións de 30 ou 40 anos e están obsoletas. O centro está nun enclave privilexiado, xa que limitan co Parque da Riouxa e de feito traballan moito nel. Di que na reunión que tivo coa ANPA lle expuxeron todo o que queren facer, e teñen moitas e moi boas ideas, para mellorar o aspecto exterior do centro, a contorna, pero precisan axuda. Queren ocupar o espazo que teñen arredor, facer unha pasarela medioambiental,... Queren traballar e facelo doutro xeito polo que é normal que demanden das administracións que traballemos con eles.

Informa de que o muro, aínda que ten unha greta e hai que arranxala, segundo os técnicos municipais, non corre perigo de derrubo. En canto ao Pavillón, di que teñen unha xunta pola que lle entra auga, e hai que arranxalo. Anxos Collazo comenta que a ela desde este centro tamén lle trasladaron a necesidade de dotar convenientemente de material informático, xa que están usando material obsoleto e reutilizado que non compre a función que debería.

Antonio Estévez comenta que ese centro o leva el mesmo e que, en primeiro lugar, quere dicir que comparte o que dixo Olga acerca da gran implicación da comunidade educativa no centro. Pero di que no que se refire ao escrito, que case todas as cousas que piden ou están feitas ou se está traballando nelas. O das ventás e das portas principais, xa se cambiaron todas as do frontal do edificio. En canto á electricidade, si é certo que o ano pasado si tiñan uns problemas que se deron localizado e se arranxaron. Este ano non están tendo ningún tipo de problema e está pendente de cando se faga a ITE do edificio para que indique se hai ou non incidencias neste sentido. No patio exterior xa houbo actuacións por parte do

Concello,... Explica que está claro que aínda hai cousas que se teñen que mellorar, pero estanse facendo actuacións parciais coa idea de pouco a pouco renovar o centro. Di que parece que lendo o escrito o centro está peor do que está, ou que é un escrito de fai anos e que non reflexa a situación actual. Bertila Fernández pide respecto para quen redactou o documento, xa que non se van a por a mentir sobre a situación do centro. Non dubidan de que se estean facendo melloras, pero non na súa totalidade, e eles o que piden é ter un centro que garanta a seguridade dos nenos durante a xornada escolar. É normal que queiran que todas as ventás do centro estean ben. Santiago Rodríguez comenta que é posible que nos antecedentes se reseñen cousas que xa se levan feito, pero que en todo caso, o que se pide no texto é que se acondicione o centro, e nisto parece que todos os presentes están de acordo xa que parece que non están feitas todas as obras necesarias para o acondicionamento total do centro. Procédese a votar a moción.

Acordo

Apróbase a moción de Foanpas sobre as deficiencias no CEIP San Salvador con 14 votos a favor e 1 abstención.

- **Moción de Foanpas sobre as deficiencias nos accesos a diferentes centros da cidade.**

Presenta a moción Bertila Fernández:

ANTECEDENTES

A accesibilidade é un síntoma de calidade de vida e de inclusión. Todos os nenos e nenas que van a un centro educativo deben ter garantido un acceso viable e seguro á súa escola.

En Vigo, hai moitos centros que teñen un acceso complicado e, sobre todo, pouco seguro para os nenos e as nenas escolarizados/as en dito centro e para as familias que os/as levan ao colexio. Por iso, é necesario:

- Regular o tráfico na entrada e saída do centro.
- Reducir a velocidade dos vehículos nas rúas do entorno dos centros escolares (exemplo Escola Infantil Municipal Santa Cristina).
- Colocar pasos de peóns ou semáforos para cruzar as rúas de acceso aos colexios (exemplo Escola Infantil Rúa Aragón e CEIP Mestres Goldar).
- Habilitar sendas peonís seguras (exemplo CEIP Emilia Pardo Bazán).

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

Que se lle trasladen á Concellaría de Mobilidade estas demandas e que tome medidas eficaces e inmediatas.

Bertila explica que con respecto a CEIP Mestres Goldar piden semáforos á porta do colexio polo numeroso tráfico existente. En canto á EI Rúa Aragón precisan que se regule o aparcamento no horario de entrada e saída do alumnado centro. EI Santa Cristina, aínda que hai unha limitación que prohibe circular a máis de 20km/h , non se respecta, e di que teñen un paso de peóns que tampouco. Din que solicitaron un paso resaltado ou algún sinal vertical pero como está pegado á Igrexa, Patrimonio non dá o consentimento para colocar nada a maiores. E para o Chouzo, o que demandan é que toda a sinalización que hai no Camiño do Chouzo non se ve, que se repinte.

Olga Alonso comenta que no curso anterior se reuniron con todos os centros educativos da cidade, só faltaron as Escolas Infantís, e que os centros fixeron achegas sobre o que precisaban en cada caso. Agora, cada vez que se vai facer unha remodelación dunha rúa cerca dun colexio, se fala co centro por se precisan que se modifiquen pasos de peóns,... O que si é verdade, é que a Concellaría non tiña aprobado o contrato de sinalización, agora estase adjudicando e en canto se formalice comezarase a facer todo o que pediron os centros, beirarrúas, pintar pasos peonís, cebrados,... Comenta que ademais das peticións que teñen, lles farán chegar estas que aquí indican.

Acordo

Acórdase aprobar por unanimidade a moción de Foanpas sobre as deficiencias nos accesos a diferentes centros da cidade

- **Moción de Foanpas sobre a oferta de prazas na FP Básica.**

Presenta a Moción M^a Jesús Granja:

ANTECEDENTES

A FP Básica púxose en marcha coa lei educativa actual, a LOMCE (Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa).

Superando un ciclo de FP Básica obtense o título profesional básico correspondente ás

ensinanzas cursadas. Adicionalmente, segundo o Real Decreto 5/2016, do 9 de decembro, de medias urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado Social e Político pola Educación, o alumnado que obteña un título de formación profesional básica poderán obter o título de educación secundaria obrigatoria, sempre que na avaliación derradeira do ciclo formativo, o equipo docente considere que acadaron os obxectivos da educación secundaria obrigatoria e adquiriron as competencias correspondentes.

Á FP Básica accede o alumnado que, a proposta do equipo docente e co consentimento do pai/nai/titor/a legal, cumpre 15 ou 16 anos no inicio do ciclo formativo.

Na actualidade, a demanda para acceder á FP Básica é maior que a oferta existente, polo que hai moitos rapaces e rapazas que quedan fóra desta formación ou non acceden ao solicitado.

Ademais, os prazos para a formalización da matrícula son curtos e, en ocasións, non dá tempo de presentar algunha documentación.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

- Que se lle esixa á Administración Educativa maior oferta de prazas de FP Básica naqueles ciclos nos que hai máis demanda a diversificación da oferta formativa
- Que se aumente o prazo de matrícula para poder formalizar a documentación necesaria en tempo.

Bertila Fernández comenta que ela está na Comisión de Escolarización e que a sensación coa que volven das xuntanzas e con que quedan moitísimo alumnado fóra, nenos que terían que estar escolarizados. Solicitan ciclos para os que non hai oferta suficiente e derívanse a outros ciclos que non lles interesan e isto é un fracaso total.

Acordo

Acórdase aprobar por unanimidade a moción de Foanpas sobre a oferta de prazas na FP Básica

- **Moción de Foanpas sobre a falta de especialistas e orientadores para a atención do alumnado NEAE**

Presenta a moción M^a Jesús Granja:

ANTECEDENTES

O Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, en

declaracións públicas feitas o pasado curso, afirmaba que “unha das liñas prioritarias do departamento que dirixo é, precisamente, continuar avanzando na consecución dun sistema educativo cada vez máis integrador (...) e que a escola sexa o lugar onde os alumnos con necesidades específicas de atención educativa poidan desenvolver todas as súas competencias persoais, emocionais, profesionais e sociais”.

Para que isto sexa posible, os centros educativos teñen que dispoñer dos recursos necesarios para acadar a tan ansiada inclusión de todo o alumnado. Recursos materiais, recursos económicos e, sobre todo, recursos persoais. Resulta imprescindible que nos centros educativos haxa mestres e mestras especialistas (PT e AL) e orientadores/as que atendan ás necesidades do alumnado NEAE, dando resposta ás súas demandas.

Pero a realidade da escola pública actual discorre polo camiño dos recortes. No presente curso 2017-2018 a Administración educativa aplicou a tesoura de maneira especial contra o profesorado especialista en PT e AL. Isto tradúcese nunha deficiente atención ao alumnado NEAE e nunha calidade de traballo precaria, dados os insuficientes medios e apoios polo que non dan atendido de maneira axeitada ao alumnado que o precisa, a pesares do esforzo dos mestres e mestras especialistas.

No tocante aos orientadores e orientadoras, cabe destacar que son os responsables do Departamento de Orientación e entre as súas funcións están

- Valorar as necesidades educativas do alumnado, no ámbito da orientación, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- Elaborar propostas dos plans de orientación académica e profesional e máis de acción tutorial, así como coordinar ao profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
- Diseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de aprendizaxe, sexa cal sexa a súa orixe.
- Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Facilitarlle ao alumnado apoio e asesoramento á hora de afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa en campos relacionados co seu ámbito de actuación.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias, buscando unha maior implicación destas no proceso educativo.

Todo este traballo o fai o/a orientador/a en dous ou tres centros ao mesmo tempo cando son compartidos.

A pesares do esforzo que estes/as profesionais compartidos realizan, non se dan as circunstancias idóneas para levar a cabo de maneira axeitada o seu traballo: desprazamentos duns centros a outros, comunidades educativas diferentes, casos diferentes, necesidades diferentes, etc.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

- Que se lle traslade á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o malestar da comunidade educativa ante os recortes aplicados.

- Que se lle esixan á Administración Educativa os medios humanos necesarios para garantir unha educación pública inclusiva e de calidade, na que se dea resposta ás necesidades de todo o alumnado.
-

Rafael Lestón manifesta que están de acordo co que se solicita na moción, que é necesario ter moito máis persoal de apoio, PTs, ALs, Orientadores,... pero solicitan facer un cambio no último punto onde se piden “os medios humanos necesarios para garantir unha educación pública inclusiva e de calidade” e eliminar a palabra pública deixando só “educación inclusiva e de calidade” para que se inclúan tamén os centros concertados. M^a Jesús Granja explica que a moción a presenta FOANPAS e que eles traballan só cos centros públicos. Santiago Rodríguez di que entón sobre isto tamén se debería comentar unha convocatoria que acaba de haber da Consellería de Educación para os centros concertados para dotarse de profesionais tipo psicólogos, fisioterapeutas,... profesionais que nos centros públicos ou se están escatimando ou nin sequera existen. José Manuel Rodríguez di que nos concertados tampouco existen estes profesionais. Rafael Lestón comenta que todos os presentes están de acordo en que a educación sexa de calidade e que satisfaga as necesidades de hoxe en día e que todas aquelas persoas que confían no sistema educativo galego, no seu conxunto, reciban o mellor servizo. Pensa que por tanto, para o desenvolvemento da idea xeral non é importante manter a palabra público e si se retira englobaría a todas as persoas, tanto as que deciden escoller a educación pública como os que deciden escoller a escola sostida con fondos públicos. Bertila Fernández, comenta que están recortando moitísimo, cada día teñen constancia de que desaparecen profesionais e sen embargo, sae esta convocatoria para centros concertados, para contratar especialistas que á pública lle negan. Fernando Vázquez comenta que ao final volven ao mesmo punto de sempre, enfrontamento entre ensino público e concertado, e isto pensa que non é bo para o ensino da cidade. Pensa que neste órgano non se deberían dar este tipo de enfrontamentos. Di que da mesma forma que eles como representantes de pais do ensino concertado están apoiando mocións de Foanpas, que non lles afectan directamente pero que as apoian, que non é nada malo que os representantes da pública permitan que se integren facendo este tipo de cambios. Afirma que o CEMV representa a todos e polo tanto deberíanse incluír todos. Antonio Madrid di que o que se pide aquí é unha educación pública inclusiva, e supón que se pide isto porque, aínda que a LOMCE se define como

unha Lei inclusiva, a realidade é que está levando a guetos de elite e guetos de marxinação. E iso ocorre porque non hai especialistas de educación inclusiva, o que fai que queden sen axuda alumnos que polas súas condicións sociais, económicas, de orixe, de lingua, de raza... que tamén teñen necesidades específicas de apoio educativo. Noutras comunidades si hai especialistas, por exemplo teñen terapeutas ocupacionais no departamento de orientación que axudan aos orientadores. Aquí o que se debería pedir é que haxa profesionais especialistas en educación inclusiva. E para que haxa unha educación inclusiva de calidade tamén teñen que participar o profesorado e os pais, e para isto debería existir un plan específico de formación en educación, que non existe. Propón incluír na moción a petición de que existise un plan de formación específica para o profesorado e unha campaña de concienciación para a sociedade en xeral. José Manuel Rodríguez insiste en que se debería incluír a todos os centros de ensino, xa que é un problema que afecta á pública e á concertada. Santiago Rodríguez explica que iso non tería sentido xa que eles lle poden pedir á Administración que dote de persoal aos centros públicos pero non lle poden pedir que o faga nos centros concertados xa que iso depende dos titulares dos centros concertados que non deixan de ser empresas privadas. O titular dun centro concertado é o que ten que contratar ao profesorado que considere e logo fai un concerto coa Administración. Olga Alonso comenta que neste caso, esta moción, como xa se dixo, preséntaa unha entidade que representa ao sector público polo que está reclamando para si o que coñece, non ten porque coñecer a realidade do ensino concertado. Convida á Comisión Pedagóxica a que para outro Pleno presente unha moción conxunta na que se diga que a cidade de Vigo aposta por unha educación inclusiva para todos os cidadáns, pero neste caso Foanpas ten dereito a traballar sobre a súa realidade. M^a Jesús solicita incluír o mencionado por Antonio Madrid acerca do plan de formación. Decídese introducir un punto máis no texto que diga: Que se leve a cabo un plan de educación inclusiva que inclúa un plan de formación específico para todo o profesorado. Procédese a votar a moción con esta modificación.

Acordo

Apróbase a moción de Foanpas sobre a escaseza de orientadores nos centros educativos e sobre a falta de especialistas para a atención do alumnado NEAE con 11 votos a favor e 1 abstención.

- **Proposta de Foanpas sobre a oferta de actividades para nenos e nenas de 0 a 6 anos.**

Presenta a moción Bertila Fernández:

ANTECEDENTES:

A infancia de hoxe en día vai ser a cidadanía do mañá. É importante que os nenos e as nenas medren con bases sólidas, non só academicamente, senón tamén socialmente.

Para iso temos que proporcionarlles diferentes experiencias e oportunidades para aprender e convivir día a día.

A aprendizaxe da infancia faise a través do xogo, polo que o ocio que se oferte ten que servir para pasalo ben pero ao mesmo tempo para aprender.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

- Que o Concello de Vigo amplíe a súa oferta de actividades dirixidas ás crianzas de 0 a 6 anos, tendo en conta as necesidades e as posibilidades dos/as nenos/as e das súas familias.
- Que se divulguen o suficiente estas actividades para que todas as familias as coñezan.

Bertila di que se poden empregar espazos públicos que xa existen para facer actividades para os máis pequenos e para familias. O secretario di que ademais de presentar esta proposta aquí, que se pode remitir a cultura, que poderían presentar no rexistro do Concello unha proposta con actividades que cubran necesidades concretas, e solicitando unha entrevista.

Acordo

Acórdase aprobar por unanimidade a moción de Foanpas sobre a oferta de actividades para nenos e nenas de 0 a 6 anos.

6.- Rogos e preguntas

Santiago Rodríguez pregunta como se vai concretar o compromiso do Alcalde pa reparación do valado do IES San Tomé e IES Santa Irene. Olga di que o comentou antes e que si xa hai un expediente que se está a tramitar para arranxar o valado dos dous IES.

Antonio Madrid pregunta se saben algo do que se vai facer coa estrutura que hai ao lado do CEIP Doutor Fleming e que leva abandonada desde 2005. Olga Alonso explica que se lle vai dar un uso deportivo, que se está traballando nesta cuestión. É unha estrutura moi

singular e vaise cambiar a uso deportivo coa idea de que a use a cidadanía e tamén poida chegar a usala este centro educativo.

Jose Manuel Rodríguez comenta que leu nun artigo que desde 2011 ata agora baixou o fracaso escolar dun 25% a 20% e pregúntalle ao representante da Administración Educativa se se ten o dato concreto sobre Vigo. Antonio Estévez di que preguntará a ver se é posible telo.

Bertila Fernández comenta que recibiron un escrito asinado pola Agrupación de amigos MARCO e que coñecedores da situación actual e en relación á última das mocións que presentaron, pregunta se se coñecen cales son os plans que se teñen para esta institución. Olga di que ao non pertencer a Educación non sabe dicirlle, pero que preguntarán para responder na próxima xuntanza.

Anxos Collazo lembra que hai convocada unha folga ensino para o 16 de novembro en contra da LOMCE para ensino universitario e secundaria.

A Presidenta agradece a presenza a todos e sen máis temas que tratar, remata a sesión ás 20:05h.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

A PRESIDENTA DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Olga Alonso Suárez